

CONCELLO PLENO ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO.
ACTA NUMERO: 2023/09
CARÁCTER: EXTRAORDINARIA
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 14 de xuño de 2023.

No Salón de Plenos da Casa do Concello sendo as vinte horas e quince minutos do día **14 de xuño de 2023** reúnese o Pleno en sesión convocada ao efecto con carácter **EXTRAORDINARIO** baixo a presidencia do **Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia** e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Concelleiros presentes

Por Bloque Nacionalista Galego

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde)
D. Pablo Vizoso Galdo
D^a Mónica Freire Rancaño
D.Marcos A. Villamil Martínez
D^a María del Pilar Otero Cabarcos
D.Jorge Díaz Freije
D. David Rivas Peña

Por Partido Popular

D. Daniel Vega Pérez
D^a Elisa Concepción Rodríguez Sanjurjo
D^a Begoña Sanjurjo Santar
D^a María Elena Sierra Pulpeiro

Por Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

D^a Marta García Rey
D.Francisco Javier Torviso Berdeal (disculpa ausencia)

Secretario Xeral:

D. José Antonio Carro Asorey

Interventora:

Técnico Admón. Xeral:

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:



UNICO.-APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES:
2023/5 ORDINARIA DE 4 DE ABRIL DE 2023.
2023/6 EXTRAORDINARIA URXENTE DE 11 DE ABRIL DE 2023.
2023/7 EXTRAORDINARIA DE 2 DE MAIO DE 2023.
2023/8 EXTRAORDINARIA URXENTE DE 23 DE MAIO DE 2023.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador das actas correspondentes ás sesións epigrafiadas nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación acorda por unanimidade dos seus membros presentes en votación ordinaria prestarlles a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

A continuación o Sr.Alcalde a modo de despedida por remate do mandato corporativo correspondente ao período 2019-2023 e máis polo longo período no que tanto de concelleiro como de alcalde formou parte desta Corporación do Concello de Ribadeo, da lectura ao seguinte texto:

Ribadeo, 14 de xuño de 2023

Agora si, que case chegou o final, toca despedirse de verdade. Despedirme coa aprobación destas derradeiras actas desta casa do pobo e deste cargo que levei con dignidade e con paixón nos últimos dezaseis anos.

As umas falaron hai poucos días e non lle deron a oportunidade á nosa candidatura para liderar os vindeiros catro anos. Hai que respectalo e felicitar aos que gañaron. É o cerne da democracia, saber gañar e saber perder. Tempo haberá para que os que gobernarán demostren a súa valía e aos que lle toque facer un lexítimo exercicio de oposición, o fagan lexitimamente para fiscalizar, apoiar cando é bo para o Concello e discrepar cando as situacións o requiran. Todo isto para que Ribadeo siga indo a mais, se cadra, mais do que foi nestes derradeiros anos.

Non podería resumir toda esta miña vida pública no Concello en catro liñas. Podería aburrirvos contando anécdotas e batallas desde o ano 1999 cando tomei posesión da acta de concelleiro nun día de xuño coma este, hai 24 anos.

Coma un picariño entrei con 26 anos, da man de xente como Eduardo Gutiérrez, que foi unha das persoas que me inspirou nisto da "arte da guerra" que é a política municipal. Mais aló dos encontros e desencontros que puideramos ter, gárdolle sempre un grato recordo. E isto fágoo extrapolable á relación con outras persoas, de dentro e de fóra do Concello, rivais políticos ou non ao longo destes anos. Ao cabo a vida, non é unha liña recta senón un continuo onde aprendes, trabúcaste, rectificas, etc. Todo isto sempre é bo, sempre que o fagas con honestidade e buscando o mellor para o interese público, ese valor superior que debe trascender incluso á obediencia partidaria.

E teño que dicir que aprendín, e moito en toda esta etapa vital. Rodeado de xente impecablemente técnica e boa, como moitísimos funcionarios e funcionarias coas que tratei en todos estes anos. Algúns están hoxe aquí como o admirado Rodil, sempre eficaz e sempre atento, ou como o erudito en cuestións xurídicas, José Antonio Carro.

Con esta lealdade mutua fixemos cousas maravillosas e démoslle, sen pretendelo, unha lección a moitas administracións, persoas, colectivos, etc. do que pode chegar a facer un Concello se se plantexa facelo, se non se arredra perante ninguén e se ten a vontade decidida. Porque coa razón vas a todos os sitios, pero coa razón e o dereito, un é imbatible. Ogallá o listón establecido en



Ribadeo non quede onde está, senón que se eleve moito máis. Verase.

E o mesmo digo para o resto de persoal coa que traballamos. A confianza depositada, a non ocultación dos asuntos, o non enredar con cousas turbias, e o tentar tratar a todos por igual foi o que nos leva a irmos con tranquilidade e con satisfacción polo traballo feito.

Teño que dicirvos que neste periplo, tamén aprendín a poñerme nas botas do outro. Cambiei opinións e xeitos entender as cousas, pero tamén me reafirmei noutras. En fin, 20 anos dicía o tango de Gardel non é nada, pero se cadra, é unha vida.

Voume sen rancores e sen vendetas. Ás veces non fun comprendido noutras elites orgánicas, quizais porque nunca gobernaron ou simplemente porque non quixeron comprender as posibilidades de facer unha verdadeira "Realpolitik" nun pequeno Concello con alma de grande e que trascenderon para todo o noso País.

Como dicía Frank Sinatra, algún arrepentimento tiven, pero igualmente moi poucos para mencionalos. Fixen o que tiña que facer e fíxeno sen ningunha excepción. Pero a diferenza da canción, non o fixen ao meu xeito, senón co concurso das compañeiras e compañeiros de goberno que me acompañaron ao longo de todos estes anos, e especialmente, como non, os que están a carón de min neste mandato. Aprendín moito deles, e con eles, e confío en seguir gozando da súa amizade e xenerosidade para sempre.

Agora, con discreción pechamos este derradeiro Pleno e ímonos coas mans limpas e baleiras, tal e como entramos, coa soa compañía das nosas familias e dos nosos amigos.

Aos que vos vades canda min, da vida política municipal, foi un pracer tratar convosco, e aos que o sábado encetades unha nova etapa, tanto no goberno como na oposición, deséxovos acertos, porque se os tedes serán tamén os dos 10.000 veciños e veciñas que vivimos e seguiremos a vivir neste maravilloso Concello, así como os outros milleiros que nos queren con tolura e que nos visitan arreo.

Loitade por el e traballade para ser dignos do cargo que ides ocupar. Pensade que na política municipal, como na vida, todo é temporal, e que ao cabo, só vos quedará a satisfacción interior ao marchar de de poder dicir ou non: Coido que fun digno do cargo que ocupei e no servizo prestado aos nosos paisanos e paisanas que nos puxeron aquí.

Confésovos que tanto eu, coma os meus compañeiros, ímonos con ese sentimento de deber cumprido.

*Mais nada, recibide todos e todas un cordial saúdo. Viva Ribadeo e viva Galiza.
Érguese a sesión.*

Sendo as vinte horas e corenta e oito minutos e non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión estendéndose a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,
Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA,

O SECRETARIO XERAL,
Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY,

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE

